

PROPOSTA DE ADAPTACIÓN DA ORDE DE 25 DE XANEIRO DE 2022

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

ESO:

- **ACTIVIDADES:** Entre a terceira avaliación e avaliación final de ESO, os alumnos/as que teñan a materia superada na terceira avaliación realizarán actividades de repaso e ampliación. Por outra banda, os alumnas que teñan pendente de superar algunha parte da mesma, realizarán actividades de reforzo, apoio e recuperación e unha proba semellante ás de avaliación.
- **CUALIFICACIÓN:** Os alumnos/as que teñan unha cualificación igual ou superior a 5 logo da avaliación ordinaria, terán a posibilidade de **subir esta cualificación ata o enteiro superior** se realizan as actividades propostas polo profesor nas clases entre o 6 e 22 de xuño.

Se é o caso, aqueles alumnos/as que teñan alguna avaliación cualificada cun resultado que presente unha variación de dous enteiros ou máis con respecto á media dos trimestres, terán a posibilidade de realizar unha proba dese trimestre para subir a cualificación.

Os alumnos/as que teñan unha **cualificación inferior a 5** como nota media final, deberán, ademais de realizar as actividades de reforzo propostas polo profesorado, superar unha proba da materia non superada.

BACHARELATO:

- **ACTIVIDADES:** Entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria de Bacharelato, os alumnos que teñan a materia superada na ordinaria realizarán actividades de ampliación. Por outra banda, os alumnos que teñan a materia pendente de superar na avaliación ordinaria, realizarán actividades de reforzo e repaso e, para recuperala deberán superar unha proba da materia examinada nos trimestres que teñan suspensos. Esta proba será semellante ás probas das ditas avaliacións de trimestre.
- **CUALIFICACIÓN:** A nota da avaliación extraordinaria será a media dos tres trimestres, ben sexa, os que xa teñan superados, ou os que superen na proba final extraordinaria. Para superar a materia será necesario ter aprobados os tres trimestres.

Se é o caso, aqueles alumnos/as que teñan alguna avaliación cualificada cun resultado que presente unha variación de dous enteiros ou máis con respecto á media dos trimestres, terán a posibilidade de realizar unha proba dese trimestre para subir a cualificación.

